



Concello de Monterroso

DECRETO.- Monterroso, 17 de xuño de 2016

No proceso selectivo convocado para a selección dun/unha **peón de limpeza de rúas e instalacións municipais**, logo do anuncio publicado no Boletín oficial da provincia de 23 de febreiro de 2016.

Visto que por Decreto de Alcaldía de data abril de 2016, convócase aos membros do Tribunal para proceder a súa constitución e valoración dos méritos dos aspirantes admitidos e para a realización do primeiro exercicio da fase de oposición.

Vistas as actas do Tribunal de datas 25 e 26 de abril nas que se recollen as valoracións na fase de concurso e as puntuacións do primeiro exercicio, respectivamente.

De conformidade coas bases da convocatoria e o artigo 21.1.9 da Lei de 7/1985, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local,

RESOLVO,

PRIMEIRO.- Convocar aos aspirantes admitidos para o **día 27 de xuño de 2016 ás 16:00 horas no Auditorio Municipal (Cúpula)** para a realización dunha proba práctica determinada polo Tribunal relacionada coas tarefas propias do posto a desenvolver.

SEGUNDO.- Publicar o presente Decreto no Taboleiro de Anuncios do Concello e na web www.monterroso.es.

Mándao e asínao o señor alcalde do que eu, secretario, dou fe.

O Alcalde

Asdo.: Jesús Otero Calvo

A Secretaria Acctal

Asdo.: Blanca M^a Vázquez Enríquez

Concello de Monterroso

Plaza de Galicia, 1, Monterroso. 27560 Lugo. Tfno. 982377001. Fax: 982377617